

VIEIROS

Edición xeral

TRADUCCIÓN DE POEMAS EN REDE

Poesía lunática: linguas que falan versos

A iniciativa ten o celme agridoce das causas imposíbeis. A pesar de que saben, aí!, que a poesía é intraducíbel, os teimudos poetas que colaboran coa publicación en rede [A lúa gris](#), decidiron crear un espazo virtual para verquer ao galego poemas noutras linguas. O proxecto [Poesía lunática](#) ten dous obxectivos principais: ofrecer ao lector en galego a posibilidade de ler na súa propia lingua os textos de poetas de distintas expresións e abrir un espazo no que os creadores poidan exercer o labor da traducción, "sempre enriquecedora para a lingua e a literatura".

- 09:03 27/04/2004

A sección funcionará coma unha revista. O obxectivo inicial é que teña unha periodicidade bimestral, pero dependerá do interese que amosedes nesta aventura, da vosa colaboración.

Hoxe presentámosvos o número 0. Conta cuns poucos textos que pretendemos que sirvan como imáns para que, a partir de agora, todos os escritores e escritoras que queiran aportar o seu traballo tomedes exemplo e vos lancedes á aventura da traducción.

Participan neste número: María Arce (cunha traducción de Ingeborg Bachmann), Lino Braxe (que traduce a Ugo Foscolo), Arturo Casas (cunha versión dun poema de Sylvia Plath), Eduardo Estévez (cun texto de Patrizia Cavalli), Carlos L. Bernárdez (que trae un dos poemas franceses do chileno Vicente Huidobro) e Baldo Ramos (cun poema de René Char).